

Performance, poesía, artes escénicas. Tamén encontros ao redor do galego no ensino, na xustiza ou na televisión. Incluso tempo de ópera e *breakdance*. O Foro da Culturgal 2020 convértese nun espazo de representación, reflexión e encontros ao redor da creación artística e dos xeitos de traballar e incidir na cultura galega que ven, nun contexto marcado pola pandemia. Cada bloque de actividades ten unha duración aproximada de 45 minutos. Mónica Mura, o CDG, Carlos Varela, Rosalía Fernández Rial, Marta Pérez, Antón Reixa, Aldaolado, Ana Romaní, Vella Escola e moito máis no Foro Culturgal 2020, conducido pola actriz Iria Sobrado e que podes seguir en [cultur.gal](http://cultur.gal)

## SÁBADO 28 DE NOVEMBRO

### 11 h > A Deputación de Pontevedra presenta...

**Re-Acción Cultural.** Iniciativas e programas levadas a cabo nesa liña de revolución cultural que protagonizou a programación en vivo da institución nos concellos da provincia tralo estado de alarma e que continuará durante o 2021. Coa presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a deputada de Cultura, Victoria Alonso, e a directora de Cultura, Paula Cabaleiro.

**O pasado por vir. A corda.** A deputada de Memoria Histórica e Lingua, María Ortega, acompañada de Uxía Senlle, presenta unha acción con formato de vídeos nos que soan voces en espazos emblemáticos da provincia cunha forte vinculación coa memoria histórica.

### 12:45 h > Culturgal é unha performance


**A nova armadura.** Performance con Monica Mura. Unha acción para explorar as dificultades reais de manter a distancia de seguridade nesta etapa de pandemia. Manter esta distancia física interpersoal, ademais do uso das máscaras, vai a ser clave para que as personas podamos movernos con máis seguridade polo espazo público.

**Contemporánea, Apostrophe e A Colectiva presentan proxecto.** Contemporánea é a Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia: Galería Luisa Pita, Galería Marisa Marimón, Galería Metro, Galería Nordés, Galería Moret Art, PM8, Galería Trinta e Galería Vilaseco. Asociacionismo fronte á crise (perpetua). Apostrophe: presentando o futuro cultural. A Colectiva é a Asociación Profesional de Artistas de Galicia que explican o seu proxecto asociativo na Culturgal.

**Mulleres en Acción. Violencia Zero.** Deputación de Pontevedra. Performance con María Roja co título: *Can Cancela Calafrio*.

### 16 h > Galego e +. Xunta de Galicia

**Chegar a Galicia, chegar ao mundo.** Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021. Con Belén Bermejo, coordinadora do proxecto, e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística. Intervención musical.



**21 días co Galego e +.** Con Pilar Ponte, coordinadora do proxecto de dinamización lingüística que envolve a alumnado e profesorado, e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

**Unha xustiza en diálogo co país. Conversas con Carlos Varela.** Galaxia. Presentación do libro con Ruth Novoa de Manuel, autora, Carlos Varela, ex fiscal xefe de Galicia, Francisco Castro, editor, Xosé Xoán Barreiro, Consuelo Castro, e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

## 17:30 h > A cultura do 21. Xunta de Galicia

**Programas da Xunta de Galicia no ámbito da cultura dixital.**

**Programación cultural Xunta de Galicia 2021.**

Con Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

**Cooperación entre Galicia e a cultura lusófona.**

Con Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística.

## 19:15 h > A hora da Economía Social de Galicia. Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia, baixo a coordinación de 7H Cooperativa Cultural, presenta en formato espectáculo e creación ao vivo o facer das seguintes entidades: Cestola, Culturactiva, Urdime, Miudiño, DezdeDez e Charlatana.

## 21 h > Mulleres míticas: Rosalía Fernández Rial, Inversa Teatro

**Árbores no Deserto.** Rosalía Fernández Rial. Editorial Galaxia. Este libro escribiuse ao desconstruír a voz e o trazo das súas autoras. Con imaxes e música na Culturgal.

**Sofía Unipersonal.** Inversa Teatro. Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021. Unha acción escénica protagonizada por Marta Pérez, de Inversa Teatro, e próxima ao teatro-conferencia, cuxa temática xira arredor da violencia machista.



## DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE

### 11 h > Para unha cultura segura #2021 con AGEM, AGATEC e Cidade da Cultura

**Aforos para a cultura galega en 2021.** Conversa con Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) e AGATEC.

**Presentación da programación Cidade da Cultura, Xunta de Galicia:**

- Da Xeración Nós a Díaz Pardo. Exposicións do Museo Centro Gaiás. Con Ana Acuña, comisaria de Galicia, de Nós a nós, e Xosé Díaz, comisario de As miradas de Isaac.
- Un tempo novo para Escenas do Cambio. Con Lola Correa, directora artística do festival, e María Pereira, directora de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia.
- Cidade da Cultura en familia e actividades xacobeas. Con Ana Isabel Vázquez Reboredo, directora xerente da Cidade da Cultura de Galicia.

Sala de exposicións  
Pazo da Cultura de Pontevedra

# FORO

## 13 h > O Concello de Pontevedra presenta...

O Concello de Pontevedra presenta o programa *Falamos* da Concellaría de Normalización Lingüística e a Universidade de Vigo.

Dez anos de *Na beira do río. Diálogos na Pintura*. Co comisario, Ramón Rozas.

**Avance do o XXII Salón do Libro** co lema «Emerxencia literaria: libros para salvar o Planeta. Novos formatos para novos tempos». Con Eva Mejuto e a concelleira de Cultura Carme Fouces.

Presentación do libro *A vida incerta* de Montse Fajardo sobre Virxinia Pereira, publicación integrada no proxecto *A memoria das mulleres*. Coa autora e o concelleiro de Memoria Histórica, Xaquín Moreda.

## 16 h > Artes Escénicas: estado da cuestión. Centro Dramático Galego e Escena Galega

**O Centro Dramático Galego fronte á covid-19.** Xunta de Galicia. A unidade de produción teatral da Xunta de Galicia mudou a súa planificación para asumir estratexias directas de dinamización do sector escénico e minimizar os efectos da pandemia sanitaria. Con Fran Núñez, director do Centro Dramático Galego (CDG) e Jacobo Sutil, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

**Escena Galega: actualidade.** Presentación da nova web [www.escenagalega.gal](http://www.escenagalega.gal) e resumo e balance da 2ª edición do proxecto Camiño Escena Norte, promovido por Escena Galega xunto con Asturias, Cantabria e Euskadi. Ademais, presentación da actualización do catálogo de compañías asociadas a Escena Galega e video promocional nas liñas #CulturaSegura e #AEscenaQueVen. Con Juan Rodríguez (presidente), Gustavo Del Río (vogal da Xunta Directiva) e Diego V. Meizoso (xerente da asociación).

## 17:30 h > Poesía Necesaria Chan da Pólvora: Ana Romaní, Chus Silva, Antón Reixa

*A desvértebra* de Ana Romaní. Chan da Pólvora. Paisaxe sonora do poemario teatralizado por Ana Romaní e por Chus Silva.

**Outlet de Antón Reixa.** Chan da Pólvora. Unha nova entrega poética dun autor referencial da performance poética.



## 19:15 h > ÓPERA BREAK'S con Vella Escola. Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021. Xunta de Galicia

ÓPERA BREAK'S é un espectáculo que mestura ópera, *break-dance* e Dj nunha única función de gran calidade artística que brota da conexión da soprano Esperanza Mara (Emanarte) e os artistas urbanos do colectivo Vella Escola (Dj Mil e os bailaríns Retrokid, Bboy Serlli e Pol Rock), con colaboracións especiais de outros profesionais do mundo do Beatbox e do Graffiti.

## 21 h > I mos «Polo rego» con Catro Ventos e 13 Graos

**Polo rego.** Catro Ventos Editora. «Polo rego» é o programa da TVG que a través de receitas e consellos pon o agro galego e os seus saberes nas nosas casas. Agora tamén é libro. Con David Castellanos, Lola Tourón e Rosendo Estévez, creadores dos contidos orixinais da obra, e Isidro Dozo, da editorial. **Alén do azul** de Sara Carrasco e Silvia Iglesias. Catro Ventos Editora. Unha viaxe polo fondo mariño da man de dúas autoras, apaixonadas do mergullo e creadoras do colectivo «13 Grados».

# FORO

Sala de exposicións  
Pazo da Cultura de Pontevedra